



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente 1240/2019 relacionado co 877/2019

BASES E CONVOCATORIA DO CURSO DE OPERADOR DE CARRETILLA ELEVADORA

Visto o acordo de aprobación dos prezos públicos pola Xunta de Goberno Local de data 25/09/2019 e publicación en BOPPO nº 199 de data 16 de outubro de 2019.

En cumprimento das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e o R.D. 2568/1986, de 28 novembro.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a realización do curso de operador de carretilla elevadora.

Segundo.- Aprobar as seguintes bases e a convocatoria polas que se vai a rexer a organización do curso de operador de carretilla elevadora.

BASES E CONVOCATORIA REGULADORAS DO CURSO DE OPERADOR DE CARRETILLA ELEVADORA

Base primeira: Obxecto.

O Obxecto desta convocatoria é ofertar o curso de operador de carretilla de duración 15 horas presenciais e 9 horas a distancia, , que se dividen nunha parte teórica onde se coñecerán as normas de seguridade, os riscos e as claves del funcionamento desta maquinaria, e outra parte práctica, onde os alumnos e alumnas aprenderán a manexar a carretilla elevadora. A unidade didáctica do curso consiste en:

Módulo I. A CARRETILLA ELEVADORA (2.5 horas)

- Nocións de equilibrio
- Mecanismos de arranque do motor
- Tipos de carretillas
- Os movementos hidráulicos

Módulo II. MANEXO DA CARRETILLA ELEVADORA (2.5 horas)

- O inicio da marcha. Consignas para condución e circulación
- Condución en circuitos
- A carga. Diferentes tipos de palets
- O almacenaxe. Deixar e coller cargas do chan, apilado de cargas e carga a camións, etc.

Módulo III. MANTEMENTO DA CARRETILLA ELEVADORA (2.5 horas)

- A prescrición do fabricante para o entramento e a inspección das carretillas elevadoras
- Conservación dos mecanismos vitais da carretilla elevadora

Módulo IV. SEGURIDADE LABORAL (2.5 horas)

- Normas de seguridade no manexo da carretilla elevadora
- Protectores e dispositivos de seguridade da carretilla elevadora

Módulo V. PRACTICA DE MANEXO DA CARRETILLA ELEVADORA (5 horas)





Base segunda: Obxectivos

O curso de operador de carretilla elevadora consiste en prestar un servizo de formación teórica e práctica para a mellora da inserción no ámbito laboral das persoas do noso Concello. Este curso consistirá nunha formación teórico e práctica na cal os alumnos obterán coñecementos para a mellora da inserción laboral.

Base terceira: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias será todo aquelas que queiran mellorar a súa formación, cos seguintes criterios de selección:

- En primeiro lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas que estean empadroadas no mesmo.
- En segundo lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas non empadroadas no mesmo.

Base cuarta. Datás e lugar de realización

Parte teórica: Realizarase o día 28 e 29 de novembro en horario de 16:00h a 21:00h na casa do Pensionista de Amoedo.

Parte práctica: Realizarase o día 30 de novembro, en horario d 9:00 a 14:00h, no porto de Marín.

Base quinta. Presentación, lugar e prazo das solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Pazos de Borbén presencial ou por vía electrónica, mediante o modelo de solicitude inscrición en actividades e cursos. O Concello de Pazos de Borbén comprobará de oficio o empadroamento das persoas solicitantes.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 21/11/2019.

O formulario de solicitude (inscrición en actividades e cursos) estará a disposición das persoas solicitantes na web www.pazosdeborben.org , e nas oficinas nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén.

Base sexta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

A relación de persoas admitidas e excluídas (coas causas de exclusión), será publicada na web, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pazos de Borbén a partir do 21/11/2019.

Base sétima. Número de prazas.

Para realización desta actividade deberá haber como mínimo de 15 participantes.

Sendo o número máximo por curso de 15.

Base oitava. Adxudicación das prazas.

O proceso de adxudicación levarase a cabo na seguinte orde:

1º Persoas empadroadas no Concello de Pazos de Borbén, segundo orde de entrada no rexistro.

2º Persoas non empadroadas, segundo orde de entrada no rexistro.

Base novena. Prezo e condicións.

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/10/2019 o prezo do curso é de 90,00 euros por persoa, que inclúe formación teórico e práctica.

O pago realizarase na sucursal de ABANCA con nº de conta ES93 2080 5049 6130 4000 6392 facendo constar no concepto o nome da/s persoas solicitantes .





Deberase presentar o xustificante do pagamento do curso xunto co modelo de solicitude inscrición en actividades e cursos, no rexistro do Concello de Pazos de Borbén.

No suposto de que, por causas alleas os/as solicitantes, se deixase de realizar o curso, os/as interesados/as poderán pedir o reembolso das cantidades ingresadas en concepto de prezo público.

Cando o/a interesado/a manifeste a súa desestimación a participar na actividade cuxo ingreso fose efectivamente realizado, poderá solicitar a devolución das cantidades ingresadas, mediante escrito dirixido a esta administración, en todo caso, cunha antelación de cinco (5) días naturais a data do curso.

No suposto que non se alcance un mínimo de 15 persoas a actividade cancelarse e devolverase as cantidade ingresadas en concepto de prezo público previa solicitude da persoa interesada.

Base décima. Prazo de vixencia

As bases que regulan este curso terán vixencia ata o seu remate.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde de Pazos de Borbén,

O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.

